

RESOLUCIÓN REITORAL DO 15 DE XULLO DE 2022 POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE DEFINITIVA DE CONCESIÓN DAS AXUDAS DE INVESTIGACIÓN DA CÁTEDRA FEMINISMOS 4.0 DEPO-UVIGO

En virtude das facultades outorgadas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril de Universidades e o Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos desta Universidade e segundo o establecido na Resolución Reitoral do 10 de xuño de 2022, pola que se procede á convocatoria de axudas de Investigación da Cátedra Feminismos 4.0 Depo-UVigo,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. A publicación da listaxe definitiva de solicitudes con axuda concedida:

DENOMINACIÓN DO PROXECTO	PUNTUACIÓN ACADADA	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO
Unha mirada feminista á alborada da ciencia climática: Pescuda, interpretación, valoración e réplica dos experimentos e achegas de Eunice Newton Foote en 1856	10	5884,20€	5884,20€
Toxicidade e violencias machistas en Instagram. Incidencia e percepción entre o alumnado da Universidade de Vigo	9,3	6000€	5472,42€
Identificación automatizada de comentarios sexistas en las redes sociales, mediante técnicas de IA. Taller demostrativo en institutos de secundaria del área de Pontevedra.	8,2	6000€	4825,14€
As que están e as que marcharon: Mulleres e migracións na industria do videoxogo	8,1	5748,67€	4766,30€
Carapuchiña e a pantalla feroz: identidades de xénero nas redes sociais	6,5	6000€	3824,81€

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Reitor
Manuel Joaquín Reigosa Roger